



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 17 de xuño de 2021 (1035/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego (online)
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font (online)
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro (online)
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día dezasete de xuño de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(523).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de

Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(524).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR BANCO DE SANTANDER SA, CONTRA NON ADMISIÓN AO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO RENT-ING DOS VEHÍCULOS DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 68047/212.

Dáse conta do informe-proposta de data 16/06/21, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do subministro en réxime de arrendamento de vehículos para a Policía Local (PCAP).



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 22 de abril de 2021 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do subministro en réxime de arrendamento de vehículos para a Policía Local, autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- O anuncio de licitación foi publicado o día 27 de abril no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de contratación do Sector Público, abríndose o prazo de presentación de proposicións, que rematou o 24 de maio de 2021.

Terceiro.- Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión de 27 de maio de 2021 procedeu a apertura do sobre A "Documentación persoal". A secretaria informa aos membros da Mesa dos licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral:

1. AUTOS IGLESIAS, S.L.
2. BANCO SANTANDER, S.A. (proposición presentada o 24-05-2021 ás 11:52h.)
3. BANCO SANTANDER, S.A. (proposición presentada o 24-05-2021 ás 11:18h.)
4. TALLERES RODOSA, S.L.

Á vista das proposicións presentadas, a Mesa acorda non admitir a BANCO SANTANDER, S.A. neste procedemento por ter presentado dúas proposicións, e tras a cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "*Documentación persoal*" dos licitadores presentados, agás BANCO SANTANDER, S.A., acordouse admitir neste procedemento aos seguintes licitadores:

1. AUTOS IGLESIAS, S.L.
2. TALLERES RODOSA, S.L.

A continuación procedeuse a apertura do sobre C "*Proposición avaliable mediante fórmula*" dos licitadores admitidos, e a Mesa acordou solicitar informe ao servizo xestor, que foi evacuado en data 10 de xuño.

Cuarto.- En data 10 de xuño de 2021, D. Luis Miguel Pernas Hermida, e D. Enrique Daniel Facal da Costa, en nome e representación de BANCO DE SANTANDER, S.A., interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), contra a acordo de exclusión deste procedemento. O recurso presentase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo.

Quinto.- En data 14 de xuño de 2021, o Concello de Vigo remite o recurso e a documentación presentada polo recorrente ó Tribunal.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación o acordo da Mesa de Contratación do Concello de Vigo de 27 de maio de 2021, de exclusión do recorrente do procedemento aberto do subministro en réxi-

me de arrendamento de vehículos para a Policía Local “por ter presentado dúas proposicións, non estando permitido que cada licitador poida presentar máis dunha proposición. Así o establecen tanto o artigo 139.3 da Lei 9/2007, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público como a cláusula 13.6 do PCAP. A infracción desta norma dá lugar á non admisión de todas as propostas subscritas por BANCO SANTANDER, S.A.” (sic).

-II-

Legislación aplicable

É preciso comezar por determinar a legislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola legislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A legislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscrición dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.



Concello de Vigo

- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando éstas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.

- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación do acordo de exclusión do recorrente é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpra as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais, segundo a cal as organizacións empresarias, como a recorrente, ostentan lexitimación activa para recurrir.

Neste caso é indubitable que o recorrente, na súa cualidade de licitador, posúe lexitimación activa.

C) Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:



Concello de Vigo

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional decimoquinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral deste Concello.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- Cando se interpoña contra actos de trámite adoptados no procedemento de adjudicación do contrato, o cómputo iniciarase a partir do día seguinte a aquel no que se tiña coñecemento da posible infracción (artigo 50.1.c).

O recurso foi interposto no rexistro xeral do Concello en data 10 de xuño de 2021. Dado que o acordo de exclusión do licitador é de data 27 de maio e foi notificado ó recorrente o día 2 de xuño do mesmo ano, o recurso foi presentado en prazo.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso con respecto a impugnación do acordo de exclusión.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

O recorrente formula un único motivo de impugnación no fundamento xurídico segundo do seu escrito de recurso. Este versa sobre que non concorre a circunstancia prevista no artigo 139.3 da LCSP por canto non se presentaron dos proposicións diferentes. En consecuencia, considera que ten sido indebidamente excluída do procedemento de licitación. Argumenta que "BANCO

SANTANDER, S.A. únicamente procedió a corregir en los campos a rellenar en el portal web de la Plataforma de Contratación del Sector Público los indicadores sobre el precio, introduciéndolos sin el IVA correspondiente. El portal web permitió dicha corrección pero dando por presentada dos veces la proposición de mi representada. Si la Mesa de Contratación, con carácter previo a excluir a mi mandante, hubiese procedido a comprobar que las proposiciones eran las mismas, no habría excluido su oferta indebidamente del expediente de contratación 68.047-212". E pon de releve que a sesión da Mesa de Contratación acudiu un representante do recorrente que puxo de manifesto esta circunstancia.

A continuación cita en apoio da súa tese a Resolución nº 381/2018, de 5 de decembro de 2018, del Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad de Madrid (TACP), ditada no recurso nº 377/2018. Esta resolución estima o recurso contra a exclusión dun licitador que presentou dúas ofertas tras advertir un erro no foliado da memoria técnica. No entanto, hai unha diferencia substancial entre o caso do recurso e o do presente procedemento. O licitador advertiu por correo electrónico ó órgano de contratación desta eventualidade, circunstancia que non aconteceu no caso que nos ocupa. De feito, o mesmo tribunal, uns meses antes, adoptou o criterio contrario nun caso de presentación de dúas ofertas a través da Plataforma de Contratación do Sector Público nas mesmas circunstancias que no noso caso, para proceder a subsanar un erro na documentación presentada. Efectivamente, a Resolución nº 185/2018 do TACP 27 de junio de 2018, ditada no recurso Recurso nº 162/2018, di o seguinte no fundamento xurídico quinto:

"Explica la recurrente que la presentación de dos ofertas se ha debido a que una vez presentada su oferta y habiendo advertido discrepancias en ciertos datos de la misma procedió a su subsanación en la Plataforma de Contratación del Estado "(...) con la creencia de que, estando dentro del plazo de presentación de ofertas, los nuevos documentos presentados en el sobre A, serían tenidos como los documentos definitivos y válidos y anularían los anteriormente presentados". Explica que en la Guía de Servicios de Licitación de la Plataforma de Contratación del Estado, se ofrece la opción de "Continuar la preparación de una oferta/solicitud de participación/subsanación" y que en ningún caso, advertía o emitía error en caso de duplicidad de oferta, de lo que concluye que "no pueden aplicarse las exigencias, en este caso, del Pliego de Cláusulas Administrativas a un procedimiento electrónico apoyado en una "Guía de Servicios de Licitación Electrónica: Preparación y Presentación de ofertas", que no deja de ser "estándar" y que debiera de ofrecer todas las garantías", por considerar que de forma semejante a como ocurre con los Pliegos, si la plataforma ofrece datos oscuros a los licitadores se produce una inseguridad jurídica que no puede operar contra los mismos. Por su parte el órgano de contratación en el informe técnico remitido a este Tribunal afirma que la decisión adoptada, es perfectamente ajustada a Derecho. "El hecho de que la Plataforma de contratación del Estado haya permitido modificar la oferta, en nada vincula a este órgano de contratación que se ha de regir, como así ha hecho, por la normativa aplicable y por los PCAP". En todo caso, la Guía de Servicios de Licitación Electrónica: Preparación y Presentación de Ofertas es una guía orientativa y en el propio aviso legal de la Plataforma de Contratación del Estado se informa que: "Los textos, normativa y en general cualquier información contenida en las páginas de este Portal, que no forme parte de los perfiles de contratante integrados en la Plataforma de contratación del Sector Público, tienen carácter meramente informativo", por lo que nunca podrán prevalecer frente a lo dispuesto en una Ley de carácter básico, la LCSP y en los PCAP. El artículo 139.3 de la LCSP, al igual que su predecesor el artículo 145 del TRLCSP, prohíbe la presentación de proposiciones simultáneas por la misma licitadora "Cada licitador no podrá presentar más de una proposición, sin perjuicio de lo



Concello de Vigo

dispuesto en el artículo 142 sobre admisibilidad de variantes y en el artículo 143 sobre presentación de nuevos precios o valores en el seno de una subasta electrónica. Tampoco podrá suscribir ninguna propuesta en unión temporal con otros si lo ha hecho individualmente o figurar en más de una unión temporal. La infracción de estas normas dará lugar a la no admisión de todas las propuestas por él suscritas". Resulta muy claro el tenor literal de este precepto que encuentra su fundamento en el principio de igualdad de trato. En este sentido resulta de aplicación la doctrina del TJUE expuesta en los considerandos 29 a 31 de la Sentencia de 11 de Mayo de 2017, C-131/16, "29. Ahora bien, el Tribunal de Justicia ha tenido también oportunidad de declarar que el principio de igualdad de trato no se opone a que una oferta pueda corregirse o completarse de manera puntual, cuando sea evidente que requiere una aclaración o para subsanar errores materiales manifiestos, siempre, no obstante, que se respeten una serie de requisitos (véanse, en este sentido, en el contexto de los procedimientos de licitación restringida sujetos a la Directiva (CE) 2004/18/CE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 31 de marzo de 2004, sobre coordinación de los procedimientos de adjudicación de los contratos públicos de obras, de suministro y de servicios (DO 2004, L 134, p. 114), las sentencias de 29 de marzo de 2012, SAG ELV Slovensko y otros, C-599/10, EU:C:2012:191, apartados 35 a 45 -por lo que respecta a la fase de evaluación de las ofertas-, y de 10 de octubre de 2013, Manova, C-336/12, EU:C:2013:647, apartados 30 a 39 -por lo que respecta a la fase de preselección de los licitadores-) (...).31. Además, esa petición no puede tener como consecuencia que el licitador afectado presente lo que constituiría en realidad una nueva oferta (véanse las Sentencias de 29 de marzo de 2012, SAG ELV Slovensko y otros, C-599/10, EU:C:2012:191, apartado 40, y de 10 de octubre de 2013, Manova, C-336/12, EU:C:2013:647, apartado 36)". De tal forma que aun en el caso de admitir la existencia de un error por parte de la recurrente, incluso concediendo que el mismo pudiera haberse debido a un caso de defectuosa configuración del sistema de licitación en la Plataforma de licitación, lo cierto es que no resulta posible proceder a la subsanación de la oferta que pretendía la recurrente al introducir nuevos datos en la plataforma, sin considerar que en realidad lo que se ha producido es la presentación de dos ofertas simultáneas, que lleva aparejada la exclusión de ambas. A ello cabe añadir que la actuación de la Mesa de contratación fue correcta sin perjuicio de los posibles defectos que pueda presentar la Plataforma de Contratación Pública del Estado sobre la que ninguna responsabilidad tiene, en este caso la Universidad Autónoma, debiendo tenerse asimismo en cuenta que la Guía de funcionamiento de aquella, a la que la recurrente imputa el error padecido, no tiene carácter vinculante, como afirma el órgano de contratación en su informe. Dicha guía por otro lado además del cuadro que indica la recurrente que le ha inducido a confusión al establecer como aparente alternativa en la presentación de ofertas "crear una nueva oferta" o "continuar la preparación de una oferta (...)", ofrece información sobre el modo de llevar a cabo las modificaciones de la oferta en el punto 5. "Modificar sobre seleccionado" que explica que esta opción "permite variar el contenido del sobre una vez firmado. Si se modifica el contenido del sobre, es necesario volverlo a firmar, pues la firma electrónica primitiva ya no sería válida".

Analizadas estas dúas resoluciónns de diferente signo do mesmo tribunal pódese inferir que o que marca a posibilidade de ter en conta so unha das ofertas, a última corrixida, é o feito de que o licitador sexa dilixente e poña en coñecemento do órgano de contratación esta circunstancia, solicitándolle que non teña en conta a primeira das ofertas presentadas.

Non é posible, tal e como manifesta o licitador, poder comprobar se as ofertas son ou non idénticas ata que se abren todos os sobres que compoñen a oferta. Os procedementos de licitación constan de dous ou tres sobres, segundo o tipo de procedemento e de se se teñen en conta criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, ou so avaliábeis mediante fórmula. Estes sobres se van abrindo un a un, e cualificando no caso da documentación persoal e valorando no caso dos criterios de adxudicación. Admitir a coexistencia de dúas ofertas dun mesmo licitador nun procedemento implicaría desencriptar ambas, admitir as dúas ofertas do licitador no seu caso, e ir avanzando coas dúas ofertas ata a apertura do último dos sobres, momento no que se podería comprobar si efectivamente estas son idénticas ou non. Isto pugnaría cos principios que rexen a contratación pública e resultaría imposible, pois vulnera entre outros preceptos o artigo 139.

Nesta liña, o propio tribunal, mantén este criterio na Resolución nº 104/2018, de data 15 de novembro de 2018, ditada no recurso que di no seu fundamento xurídico sétimo:

“En base a esto, lo que se somete a nuestra decisión es si puede considerarse como contrario a derecho que, ante tal situación, la mesa acordara la exclusión de SOOM de ese lote 3, en base al artículo 139.3 LCSP. Tal precepto, recordemos, establece: “Artículo 139. Propositiones de los interesados. (...) 3. Cada licitador no podrá presentar más de una proposición, sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 142 sobre admisibilidad de variantes, y en el artículo 143 sobre presentación de nuevos precios o valores en el seno de una subasta electrónica. Tampoco se podrá suscribir ninguna propuesta en unión temporal con otros se lo hizo individualmente o figurar en más de una unión temporal. La infracción de estas normas dará lugar a la no admisión de todas las propuestas por él suscritas.” Ante todo, son muchas las ocasiones en que este TACGal recordó que es responsabilidad del licitador que pretende concurrir cumplimentar correctamente la presentación de su oferta (por todas, Resolución 31/2018 y STJUE de 29 de marzo de 2012, asunto C-599/10). En este caso, es bastante evidente que existiendo dos presentaciones de proposiciones en el lote 3 estaríamos en la prohibición del artículo 139.3 LCSP de que “Cada licitador no podrá presentar más de una proposición” y que “La infracción de estas normas dará lugar a la no admisión de todas las propuestas por él suscritas.” Falta por analizar entonces si el recurrente aporta consideraciones eficaces para enervar ese mandato legal en el caso que nos ocupa. En primer lugar, expresa que por los mensajes de la Plataforma de Contratación del Sector Público estaba entendiendo que la segunda presentación dejaba sin efecto la primera, para lo cual recoge en su recursos imágenes de pantallas de la licitación electrónica en tal Plataforma. Sobre esto debemos expresar que, siendo carga del recurrente trasladar a este Tribunal Administrativo que la realidad de lo sucedido es la que se recoge en su recurso, no podemos dar por acreditado que así fuera. A estos efectos no es suficiente una mera descripción realizada en el recurso ni la reproducción de pantallas de la Plataforma de las que no se nos ofrece fehaciencia de que fueran las que aparecieron en el caso de la presentación que aquí enjuiciamos, ni que la dinámica descrita por el recurrente sea la que se corresponde con el funcionamiento de esa Plataforma, etc... En este sentido, el recurrente no traslada a este Tribunal la constancia de un error o incidente en el funcionamiento de la Plataforma, ni aporta o referenciadocumentación sobre la operatividad de esta, quedando su argumentación circunscrita al ámbito de su propia descripción del procedimiento electrónico de presentación de ofertas. Como recoge el Acuerdo 111/2018 del Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Navarra: “En primer lugar, es preciso señalar que quien hace una afirmación tiene la carga de probarla, como señala entre otros, el Acuerdo del Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón 19/2018 de 13 de febrero, en donde se señala que “los actos de la Administración Pública no pueden ser puestos en tela de juicio en base a meras conjeturas, sino que es



Concello de Vigo

preciso que, quien los discuta, aporte argumentos o principios de prueba que acrediten, siquiera sea de forma indiciaria, que el órgano de contratación ha actuado de forma no razonable o con algún grado de arbitrariedad". Ello es así toda vez, que tal y como expone el mismo Tribunal en sus Acuerdos 47/2015, de 17 de abril y 72/2015, de 26 de junio, en nuestro ordenamiento jurídico, es lo mismo no tener un derecho, que tenerlo y no poder probarlo. Es al licitador, hoy reclamante, a quien le corresponde demostrar la existencia de un hecho material o de un acto jurídico, contrario a la forma prescrita por la ley, en este caso al pliego. La carga de la prueba es la obligación procesal del deber de demostrar un hecho, e incumbe al reclamante; resultando que quien tiene la carga de la prueba, es quien hade demostrar el incumplimiento de la Ley. Este principio general de todo procedimiento contradictorio, se desprende del artículo 217.2 de la Ley 1/2000, de 7 de enero, de Enjuiciamiento Civil, es el denominado «onus probando» y su fundamento es que si el recurrente denuncia, o imputa, al órgano de contratación, un determinado incumplimiento legal (en este caso la incorrecta admisión de una oferta), debe demostrarlo. Quien invoca algo que rompe la base o fundamento sobre el quese postula un enunciado, debe probarlo («affirmanti incumbit probatio»), pues en el procedimiento, la titularidad de la carga de la prueba la tiene la parte que persigue los efectos jurídicos en función de los hechos que sustentan su pretensión" En todo caso, las decisiones que adoptó en la utilización de esa aplicación para la licitación electrónica le son, de inicio, imputables al licitador, existiendo en estas plataformas sistemas de ayuda para las dudas que puedan surgir. Así, lo cierto, una vez más, es que la mesa lo que se encuentra es con el dato objetivo de dos presentaciones de proposiciones en el lote 3. En todo caso, sin ánimo de ser exhaustivo, en la Guía de Servicios de Licitación Electrónica: Preparación y Presentación de ofertas de la Plataforma estatal, en su punto 5.6.2, recoge una mención transversal de que "NO intente una nueva presentación. Las dobles presentaciones pueden ser motivo de exclusión." La siguiente alegación del recurrente es que, en este caso, no hay vulneración del artículo 139.3 LCSP porque en ambas presentaciones la propuesta presentada tenía idéntico contenido. Para analizar tal consideración hay que situarse, nuevamente, en si la actuación de la mesa de contratación fue o no correcta. Pues bien, aceptar la tesis del recurrente implicaría, cuando menos, que en situaciones como estas, donde constan dos presentaciones de ofertas para el mismo objeto contractual por un licitador, se tendría que analizar si en cada una de esas presentaciones hay o no una identidad exacta. Ante esto, este TACGal considera que, siendo el planteamiento de las ofertas una carga responsabilidad del licitador, no es desproporcionado entender que ante una presentación doble de la oferta por el mismo licitador la mesa de contratación invoque y aplique el artículo 139 LCSP. Pero, a mayores de esto, es muestra de que se nos aparece como improcedente otra conclusión, observar que la tesis del recurrente llevaría a situaciones de muy difícil asunción en un procedimiento de contratación pública, como sería que ya en un primerísimo momento la mesa de contratación tendría que abrir todos los sobres presentados por tal licitador para hacer un pormenorizado análisis para comprobar se existe o no identidad, lo cual resultaría incompatible, cuando menos, con el respeto a los tiempos y trámites previstos en la ley para tales aperturas. Por todo lo anterior, procede desestimar el recurso"

Ó fío destas resolucións apreciase ademais que para probar o erro padecido non é suficiente coa argumentación do recurrente e uns pantallazos supostamente do momento de presentación da oferta. Datos que son os únicos aportados polo licitador para probar as súas alegacións.

-VI-

Conclusionés

Á vista do exposto, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso con respecto a impugnación do acordo de exclusión.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación do acordo de exclusión do recorrente, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento. No entanto, e por seguridade xurídica, esta Administración solicita do Tribunal a adopción da medida cautelar de suspensión.

-VIII-

Acordo

En mérito ao exposto, se propon á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(525).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MOBILIARIO URBANO. EXPTE. 48950/446.

Visto o informe xurídico de data 11/06/21 e o informe de fiscalización do 14/06/21, dáse conta do informe-proposta do 11/06/21, asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

1.- En data 11 de xuño de 2021, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, co conforme do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, emite o informe proposta para a aprobación do expediente de contratación por procedemento aberto simplificado do contrato de **SUBMINISTRO DE MOBILIARIO URBANO**, así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 21 de maio de 2021 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 11 de xuño de 2021.

2.- En data 11 de xuño de 2021, a Asesoría Xurídica emite informe favorable.

3.- En data 14 de xuño de 2021, a Intervención Xeral emite informe favorable coa seguinte "**Observación:** O apartado primeiro do informe proposta indica por erro que se trata dun procedemento aberto simplificado, cando o procedemento de adxudicación deste expediente é o procedemento aberto."

Ante o exposto, procede a corrección do erro observado pola Intervención Xeral de xeito que o **informe proposta** quedaría redatado do seguinte xeito:

ANTECEDENTES

1.- En data 18 de xaneiro de 2021, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, en data 19 de xaneiro de 2021, co conforme do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, asinan informe xustificativo da necesidade e orde de inicio do procedemento aberto para a contratación do Subministro de mobiliario urbano (expte. 48950/446).

2.- En data 27 de xaneiro de 2021, a Dirección Superior Contable e Orzamentación-Intervención do Concello de Vigo emite documento económico de retención de crédito, RC 202100006300, por importe de 50.000,00€ e RCFUT1 202100006301, por importe de 120.000,00€.

3.- En data 15 de marzo de 2021, asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe da Área de Servizos Xerais, e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais a memoria económica (MEC).

4.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), de data 21 de maio de 2021, asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.

5.- A memoria xustificativa (MEX), de data 21 de maio de 2021, asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, e polo xefe da Área de Servizos Xerais, co conforme do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, da mesma data.

6.- En data 24 de maio de 2021, a xefa do Servizo de Contratación emite informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

7.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asínase pola xefa do Servizo de Contratación, con data 11 de xuño de 2021.

8.- O presente contrato está previsto no plan anual de contratación, constando no expediente de contratación o seu documento contable correspondente (RC nº 202100006300).

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada, por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, en resolución de 19 de xaneiro de 2021, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, o subministro do mobiliario urbano necesario para as zonas verdes e beirarrúas da cidade, no que se inclúe, no caso do valado, a súa instalación, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP trátase dun contrato de subministro e, en concreto, de subministro en función das necesidades da Administración con orzamento máximo (Disposición adicional 33ª da LCSP).

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas, que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 028 e 116.1 da LCSP.



Concello de Vigo

Quinto.- Na memoria xustificativa xustifícase a división en lotes (artigo 99 LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto, e a forma de tramitación do expediente é a ordinaria, conforme ao disposto nos artigos 116, 131,2 e 159 da LCSP, toda vez que o seu valor estimado é 190.082,65€.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Octavo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Noveno.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e conforme o informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, de data 14 de xuño de 2021 e da Intervención Xeral, de data 11 de xuño de 2021, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do contrato de **SUBMINISTRO DE MOBILIARIO URBANO**, así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 21 de maio de 2021 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 11 de xuño de 2021.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **170.000,00€**, que inclúe un **IVE de 29.504,13€**, o cal se imputará á partida 1710.6090000 "Mobiliario Urbano", distribuído nas seguintes anualidades:

ANUALIDADES	LOTE I	LOTE II	LOTE III	ORZAMENTO ANUAL
2021	25.000,00 €	5.000,00 €	20.000,00 €	50.000,00 €
2022	35.000,00 €	5.000,00 €	20.000,00 €	60.000,00 €
2023	35.000,00 €	5.000,00 €	20.000,00 €	60.000,00 €
TOTAL LOTES:	95.000,00 €	15.000,00 €	60.000,00 €	
	ORZAMENTO TOTAL (IVE engadido):			170.000,00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(526).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA, DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS DE XARDINERÍA. EXPTE. 48642/446.

Visto o informe xurídico de data 11/06/21 e o informe de fiscalización do 15/06/21, dáse conta do informe-proposta do 24/05/21, asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 23 de outubro de 2020, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, en data 26 de outubro de 2020, co conforme do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, asinan informe xustificativo da necesidade e orde de inicio do procedemento aberto simplificado para a contratación do *Subministro de materiais de xardinería* (expte. 48642/446).

2.- En data 3 de marzo de 2021, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, e en data 4 de marzo de 2021, o xefe da Área de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, asinan a memoria económica (MEC).



Concello de Vigo

3.- En data 5 de marzo de 2021, a Dirección Superior Contable e Orzamentación-Intervención do Concello de Vigo emite documento económico de retención de crédito, RC 202100014058, por importe de 3.000,00€ (anexado no trámite 99) e RCFUT1 202100014059, por importe de 6.000,00€ (anexado no trámite 28).

4.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), de data 9 de marzo de 2021, así-nase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, polo xefe da Área de Servizos Xerais e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais.

5.- A memoria xustificativa (MEX), de data 20 de maio de 2021, así-nase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, e polo xefe da Área de Servizos Xerais, co conforme do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, da mesma data.

6.- En data 24 de maio de 2021, a xefa do Servizo de Contratación emite informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

7.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) así-nase pola xefa do Servizo de Contratación, con data 24 de maio de 2021.

8.- O presente contrato non está previsto no plan anual de contratación, pero atópase contemplado no orzamento vixente, constando no expediente de contratación o seu documento contable correspondente (RC nº 202100014058).

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

